

A LITERATURA GALEGO-PORTUGUESA MEDIEVAL



CONTEXTO HISTÓRICO-SOCIAL

Idade Media é un concepto que serve para designar o período comprendido entre a caída do Imperio romano (séc. V) e a caída do Imperio de Bizancio (séc. XV).

Ao falarmos da historia da lingua galega tomamos como punto de partida os séculos VIII ou IX, pois é entón cando o idioma galego está xa plenamente desprendido do latín e cando a sociedade galega se articula de tal xeito que se converte nun dos polos políticos, económicos, relixiosos e culturais máis poderosos e prósperos da Península Ibérica e mesmo do Occidente europeo.

Podemos caracterizar a dinámica da sociedade feudal da Galiza medieval polos seguintes trazos, moitos deles comúns ás sociedades europeas do momento:

1. Unha **economía predominantemente agrícola e mariñeira**, que se complementa cunha próspera **actividade artesanal e comercial concentrada nos «burgos»**.
2. Unha **ríxida e desigualitaria estrutura social** (sociedade estamental), en que a nobreza e o clero detentan todo o poder, todos os privilexios e todos os bens fronte ás masas campesiñas e mariñeiras, que moran no campo, e fronte á burguesía comercial e artesanal, que se concentra nas vilas e cidades.

3. Un **proceso paulatino de acumulación do poder en mans dos monarcas**, en detrimento do poder señorial, sobre todo do sector laico.
4. A sucesión de períodos en que Galiza se constitúe e funciona como reino independente e períodos en que se integra no reino astur-leonés e máis tarde no de Castela.
5. Un **dominio cultural e ideolóxico case absoluto por parte da Igrexa católica**, que monopoliza o saber durante boa parte do período (mosteiros, bibliotecas, escolas de gramática, universidades...),
6. Na sociedade medieval a **discriminación da muller** estaba amparada polas leis. As súas expectativas vitais reducíanse a tres horizontes: o convento, o matrimonio ou a marxinalidade.
7. Rexístrase en importantes sectores da sociedade medieval unha actitude de manifesta xenofobia contra determinados colectivos por causa de raza e/ou relixión. Destacan en primeiro lugar os xudeus, privados de numerosos dereitos, obxecto de periódicas persecucións, masacres e confinamentos en determinados barrios (guetos) etc. A nosa literatura medieval vai ser tamén reflexo desta ideoloxía intolerante dos cristiáns para cos xudeus, que tiveron especial presenza en vilas como Tui ou Ribadavia.

A IMPORTANCIA DE COMPOSTELA

A sociedade galega medieval vive a súa **etapa de máximo esplendor** entre os séculos XII e XIII, no que se vén denominando **Era Compostelá**. Algúns dos fenómenos e circunstancias que explican este período de esplendor son:

1. A **relativa paz que se vivía aquí, ao estar na retaguarda na loita contra os musulmáns durante a Reconquista**, permitía, entre outras cousas, o aumento da poboación, a mellora xeral das condicións de subsistencia, o florecemento do comercio e que os nobres, especialistas da guerra, puidesen dedicarse agora a tarefas menos belicosas, entre as que interesa subliñar especialmente a de compor cantigas.
2. A solicitude de **melloras na agricultura**, e o **crecemento das urbes** xunto coa súa clase social emblemática: a burguesía, vai xerar fortes tensións co poder nobiliario, tanto eclesiástico como laico. Estas tensións desembocarán, a mediados do século XV, no estoupido das chamadas **Revolucións Irmandiñas**. O ascenso á dignidade metropolitana e arcebispal da cidade de Santiago, conseguido polo arcebispo Xelmírez no século XI. Compostela, lugar onde foran descubertos no século IX, segundo a tradición, os restos mortais do Apóstolo Santiago, converteuse dese xeito nun dos tres grandes centros de peregrinación

da Cristiandade medieval europea, xunto con Roma e Xerusalén. Polo **Camión de Santiago** entrou riqueza material, mais tamén foi importantísimo o intercambio cultural e artístico que xerou (música, arte románica, poesía, préstamos lingüísticos...).

3. **O papel destacado da nobreza de orixe galega na corte** astur- leonesa, primeiro, e castelá, despois. Este papel, no entanto, vai minguar progresivamente a medida que o centro político se vaia desprazando cara ao sur, en tempos de Afonso X.

Grazas a este esplendor político e económico que experimenta Galiza durante os séculos XII e XIII nacerán precisamente dúas manifestacións artísticas que figuran entre o máis valioso que o noso país ten achegado á cultura universal: a arte románica, espallada todo ao longo da rota xacobeá (Camión de Santiago), e mais a lírica trobadoresca galaico- portuguesa, conservada a través dos Cancioneiros. Así mesmo, será durante a Era Compostelá, como veremos, cando o idioma galego viva o seu período de máximo prestixio e plena normalidade

A mediados do século XIII comezará a decadencia de Galiza ao pasar o seu reino a depender paulatinamente da Coroa de Castela. Por contraste, continúa aínda durante un século o período de esplendor cultural que se iniciara a comezos do século XII coa Era Compostelá. A decadencia política e social está motivada polos seguintes factores:

-A **independencia de Portugal** en 1121.

-A **unificación das coroas noroccidentais** de Galiza, León e Castela, a partir de 1230 no reinado de Fernando III. O poder político desprázase pouco a pouco cara ao leste e Toledo alcanza unha posición de privilexio a fins do século XIII.

-As **Guerras de Sucesión**: No século XIV a nobreza galega apoiou a Pedro I no enfrontamento pola coroa co seu irmán Henrique de Trastámara, finalmente vencedor. Este fixo que entrase en Galiza a aristocracia castelá, acompañada pola súa corte, que traía consigo o seu propio idioma.

No século XV producírase un novo conflito sucesorio que prexudicará aínda máis a situación da nobreza galega. Á morte de Henrique IV (1474) unha parte da nobreza galega e Portugal apoiaron a dona Xoana, mentres que outros nobres e o arcebispo Alonso II de Fonseca optaron pola futura Isabel I, quen ao final triunfaría. As tropas dos Reis Católicos ocuparon Galiza e someteron a nobreza: en 1483 foi decapitado en Mondoñedo o mariscal Pardo de Cela e en 1486 Pedro de Soutomaior morre á traición fóra do Reino. Este feito trouxo como consecuencia a arribada, outra vez, dunha clase dirixente foránea que inclúe tamén escribáns e funcionarios.

-O **estancamento económico** deu paso a unha verdadeira crise social en Galiza e en toda Europa. As adversidades naturais deron lugar despois a continuos períodos de fame; e, por último, a Peste Negra, provocou unha gran catástrofe demográfica.

Da existencia do galego ou galego-portugués como idioma plenamente configurado desde, cando menos, o século VIII temos proba pola aparición de expresións e palabras romances ou falsamente latinizadas en textos escritos intencionalmente en latín en conventos da Galiza.

Antes de constituírse en lingua escrita o galego ou galego-portugués levaba xa centos de anos sendo unha lingua exclusivamente oral, usada por individuos de todos os estamentos e condicións en practicamente todos os ámbitos da sociedade, coa excepción do relixioso e cultural, en que continuaba o emprego do latín clásico.

A separación política do condado de Portugal e a súa conversión en reino independente, a partir de 1121, non trouxo consigo de maneira inmediata un afastamento entre as falas galegas de ambas as marxes do río Miño. A lingua continuou sendo a mesma, pero tempo máis tarde, as linguas máis alá do Miño comezaron a recibir a denominación de “portugués” e emprenderon un proceso de diverxencia.

As primeiras mostras de textos escritos en galego-portugués datan de finais do século XII- comezos do século XIII. Documentos de compravenda, foros, testamentos, doazóns, querelas criminais e outras clases de instrumentos xurídico-administrativos testemuñan ese primeiro uso escrito do noso idioma.

O uso do galego-portugués na escrita foise xeneralizando, de maneira que acabou por abranguer os máis diversos ámbitos e sectores:

1. **Documentos de carácter privado**, como testamentos, foros, doazóns...
2. **Documentos públicos institucionais**, como actas, edictos...
3. **Documentos xudiciais**, como querelas criminais, denuncias, sentenzas, autos, recursos etc., moitas veces baseados en modelos directamente tomados de códigos legais en latín.
4. **Documentos eclesiásticos**... O uso do galego alternaba aquí, máis que en ningún outro ámbito, co do latín.
5. **Documentos científicos e didácticos**.
6. **Documentos historiográficos**, que abordan a historia peninsular e universal e están baseados, na maior parte dos casos, en fontes latinas e castelás.
7. **Documentos literarios**. Sen dúbida é este o ámbito máis destacado, tanto pola relativamente gran cantidade de textos literarios en verso e prosa conservados como polo gran prestixio e difusión que coñeceron durante a Idade Media. Da importancia cuantitativa da lírica galego-portuguesa medieval dan fe os máis de dous mil textos dos que hoxe temos constancia e os máis de 150 poetas (trobadores, segreiros, xograres) que desenvolveron a súa actividade literaria nesta lingua.

Desde o seu nacemento e ata o século XV, o galego foi a lingua de todos e cada un dos diferentes estratos existentes na sociedade galega. Tanto as clases populares (labregos, mariñeiros) como os habitantes das incipientes vilas e cidades (artesáns, tendeiros), como os membros das altas xerarquías nobiliarias, fosen civís ou eclesiásticas, utilizaban para comunicárense oralmente o galego (monolingüismo social oral).

A partir do século XII quen sabía escribir tamén comezou a facelo no noso idioma, ademais de en latín. Mesmo os reis empregaban a lingua propia de Galiza. A presenza do castelán na Galiza neste período é, simplemente, inexistente. O poder, a potencia económica e o prestixio cultural e relixioso do Reino de Galiza durante a *Era Compostelá* (ss. XII e XIII) provocan, ademais, que o idioma propio deste reino reciba o máis considerado dos tratos alén fronteiras. A propia

produción da lírica medieval galaico-portuguesa non se circunscribe ao estrito ámbito xeográfico das cortes nobiliarias de Galiza e Portugal. Moi pola contra, toda a Península troba nestes séculos en galego-portugués, agás dúas zonas ben delimitadas: a dominada polos musulmáns, que compón en árabe clásico ou en mozárabe; e os condados de Cataluña, que o fan en provenzal.

Ademais do prestixio que tiña o Reino de Galiza e do poder e capacidade mecénica da súa nobreza, influíron neste emprego internacional do galego-portugués outros factores como a especialización por xéneros que coñece toda a literatura medieval europea, a relativa proximidade estrutural dos idiomas románicos...

Non debe esquecerse o importante papel que desempeñan tamén a monarquía e a nobreza lusitanas, con Don Dinís á cabeza, no desenvolvemento da nosa literatura medieval e na consolidación de usos escritos e prestixiosos da lingua.

PERO, a mediados do século XIII, Fernando III foi o primeiro rei que utilizou o castelán na documentación dirixida a Galiza: cartas, foros, sentenzas. A seguir, o rei Afonso X consolidou definitivamente a lingua de Castela como lingua oficial de relación con Santiago de Compostela.

Como consecuencia das guerras de sucesión dos séculos XIV e XV vaise producir a entrada na Galiza dunha aristocracia castelá, acompañada da súa corte, que trae consigo o seu idioma e a pesar de que nos inicios do século XIV aínda se promovía o uso do galego na documentación eclesiástica, a Igrexa tamén sufriu esta invasión foránea:

Perante esta situación a nobreza autóctona relega a súa lingua progresivamente a usos familiares e afectivos, e logo meramente utilitarios, de relación co pobo.

COMEZARÍAN OS SÉCULOS ESCUROS...

Ata o século XII, o latín segue sendo a lingua literaria por excelencia en todo Occidente pero coincidindo cun período de forte crecemento económico e demográfico, nas cortes nobiliarias europeas prodúcese unha relaxación dos hábitos guerreiros, un refinamento dos costumes e unha revalorización do papel social da muller. Neste ambiente xorde unha puxante poesía lírica en lingua romance, de temática fundamentalmente amorosa, que segue as regras do amor cortés. É a **poesía trobadoresca**, o primeiro movemento literario de ámbito europeo. Aínda tendo como lingua o galego, a nosa lírica medieval é un movemento do que participan as cortes reais e señoriais de toda a Península, con excepción do dominio lingüístico catalán, que troba en provenzal, e os reinos musulmáns. Así, ademais de galegos e portugueses, encontramos nos cancioneros autores de orixe castelá e incluso nados alén dos Pirineos.

Este fenómeno obedece a dúas causas principais:

1. O grao de proximidade lingüística entre os romances occidentais da Península (galego, leonés e castelán) que permitía o seu uso literario en calquera dos reinos, sen que fosen considerados estraños.
2. O papel preponderante de Galiza e da nobreza galega no conxunto dos reinos occidentais

A poesía trobadoresca penetra no ámbito lingüístico galego-portugués a través das seguintes vías:

3. Camiño de Santiago, ruta comercial e espiritual que unía Compostela con toda Europa. Tivo un papel determinante na difusión da arte románica no norte da Península e cabe pensar que foi ruta tamén de xogares e trobadores.
4. Os monxes de Cluny, que a partir do século XII reforman os vellos mosteiros cistercienses galegos e establecen un gran número de novas fundacións e fomentan a cultura
5. Nobres galegos e portugueses que ían estudar á Privenza (Sur de Francia) e nobres franceses que viñan estudar a Galicia.

O texto trobadoresco máis antigo que chegou a nós está datado arredor de 1196. Trátase do sirventés político “Ora faz ost’o senhor de Navarra”, do nobre portugués afincado na corte aragonesa Johán Soarez de Pavia.

O ciclo trovadoresco que se inicia con esta cantiga aínda que se sospeita que x avén de antes podémolo dividir nas seguintes etapas.

1. **Etapapre-afonsina**(1196-1245): A esta etapa pertencen as primeiras composicións da autoría dos poetas máis antigos dos Cancioneiros: Meendinho, Bernal de Bonaval, Paio Gómez Charinho, Pero da Ponte, Martín Códax etc.
2. **Etapafonsina ou período áureo** (1245-1284): Abrangue os reinados de Afonso III (1243-1279) en Portugal e Afonso X (1252- 1284) en Galiza, León e Castela. O principal centro difusor do lirismo galego sitúase na espléndida corte literaria de Afonso X. Este favorece o castelán na administración e promove a creación dunha prosa histórica e xurídica nesta lingua. Con todo, o galego segue mantendo a súa puxanza como lingua poética e o rei contribúe a ela cun importante número de composicións amorosas e satíricas, amais de dirixir a compilación das Cantigas de Santa María. Ao amparo da corte castelá troban poetas como Johan García de Guilhade, Johan Airas de Santiago, Airas Nunes etc. O galego era una lingua de moda, de prestixio, de cultura...
3. **Etapadionisíaca** (1284-1325): Á morte de Afonso X, o centro difusor do lirismo galego-portugués desprázase de Castela a Portugal. Don Dinís (1279-1325), neto do rei castelán, herda deste o gusto polas letras e rodéase dunha corte literaria comparábel á do seu avó, da que forman parte, ademais do propio rei, Johán Zorro, Johán Méndiz de Briteiros, Estevan da Guarda, Johán de Gaia etc.
4. **Etapapos-dionisíaca** (1325-1354): Mediado o século XIV, os gustos literarios cortesáns mudan a favor dos libros de liñaxes (compilacións xenealóxicas), e a prosa histórica e de ficción.
5. **Etapade decadencia ou escola galego-castelá** (1354- 1445): Portugal e Castela consolidan

no século XV as súas literaturas nacionais mentres Galiza, que ve fracasar definitivamente o seu proxecto de hexemonía política, entra nunha fonda crise social e económica. O galego mantén un cultivo literario residual en poetas como Macías do Padrón. A obra dos últimos trobadores, que coñecemos como escola galego-castelá, está recollida nun cancionero castelán do século XV, o *Cancioneiro de Baena* (1445).

AUTORES E INTÉRPRETES

É difícil para un lector moderno imaxinar o papel que desempeñaban a poesía trobadoresca e a literatura en xeral na sociedade medieval.

Nas cortes señoriais, o **trobador** era unha das poucas diversións posibles, á par dos xogos de mesa, os exercicios cabaleirescos e a montería. Pouco a pouco, converteuse tamén nun sinal de refinamento galante e os nobres medían o seu status social polo número de poetas e executantes que acollían. A poesía trobadoresca ten como focos de irradiación as cortes reais e os palacios nobres, aínda que moi axiña se traslada ás rúas e prazas. Entre o pobo, a poesía formaba parte de espectáculos máis amplos que incluían a danza, os xogos malabares e outras habilidades que hoxe consideramos propias do circo.

Na súa difusión e popularidade foi un factor determinante a asociación da poesía coa música. A **cantiga**, como dá a entender o seu nome, foi concibida para o canto, individual ou coral segundo os casos, con acompañamento instrumental. A temática e os ritmos rápidos de moitas delas parecen suxerir que eran empregadas tamén para o baile. Ao nos aproximarmos a elas hoxe en día debemos pois ter presente que a simple lectura nos rouba unha parte esencial da súa riqueza.

O fenómeno poético medieval presenta diversidade de axentes culturais que participan na súa creación e difusión:

O **trobador** ocupaba o lugar máis alto na xerarquía social e artística. Era poeta e compositor ao mesmo tempo, o que implicaba uns coñecementos artísticos e literarios e unha mínima formación musical; o grao de trobador resérvase para aqueles compositores de orixe nobre que troban por pracer ou refinamento cultural, ante un público aristocrático e sen mediar recompensa económica directa.

O **xograr**, propiamente dito eran inicialmente os intérpretes das cantigas trobadorescas ou os que lles facían o acompañamento musical, aínda que os músicos denominábanse **menestreis**. Os xogrades a miúdo son tamén compositores, primeiro seguindo a moda tradicional da cantiga de amigo e atrevéndose máis tarde coa canción trobadoresca. Isto provocou censuras e burlas

dos trobadores, que percibían neste atrevemento unha subversión da xerarquía social, e curiosas polémicas que enchen o cancionero de burlas.

O **segrel**. Comparte co xogar os trazos do artista profesional e itinerante, que leva o seu espectáculo de corte en corte cobrando pola súa interpretación; comparte co trobador unha ascendencia social na baixa nobreza e a categoría artística de compositor.

Completan o cadro de personaxes vinculadas ao espectáculo trobadoresco as **xograsas, cantadeiras, danzadeiras e soldadeiras**, estas últimas de singular importancia no ámbito galego-portugués. As referencias que delas conservamos en cantigas e documentos resaltan acotío a súa vida licenciosa por enriba dos méritos artísticos.

CANCIONEIROS OU CÓDICES



O *corpus* da poesía medieval galego-portuguesa está formado por arredor de 1680 textos pertencentes a máis de 150 poetas. Chegou ata nós a través de oito manuscritos de extensión e procedencia diversa, pero pertencentes a unha soa liña xenealóxica común que ten a súa orixe nunha gran recompilación realizada probabelmente na corte real portuguesa nas últimas etapas do ciclo trobadoresco.

Atendendo á época de redacción podemos distinguir dúas ramas na nosa tradición manuscrita:

1. Códices de finais do XIII ou comezos do XIV, en pleno desenvolvemento da escola galego-portuguesa
1. O **Cancioneiro da Ajuda (A)**, así chamado por conservarse actualmente no Palacio da Ajuda, en Lisboa, antiga residencia dos reis de Portugal. Foi

compilado con toda seguridade na corte poética de D. Dinís e concibiuse como un códice rico, cheo de iluminuras, letras capitais miniadas con distintas tonalidades, notación musical etc. Mais o plano xeral da obra non chegou a desenvolverse, botándose a faltar especialmente as indicacións de autoría e a notación musical que debía encabezar cada cantiga. O Cancioneiro da Ajuda contén 310 composicións pertencentes a trinta e oito poetas. Son todas elas cantigas de amor, o que nos fai pensar que se trataba dunha sección dentro dun proxecto compilatorio máis amplo, composto por varios cancioneros xenéricos.

2. **Pergamiño Vindel (N)**, descuberto a comezos do século XX e descuberto polo libreiro madrileño Pedro Vindel como forro doutro códice. Consérvase actualmente na Biblioteca Pierpont Morgan de Nova York. Trátase dunha folla solta dun cancionero descoñecido ou, máis probabelmente, dunha folla voandeira das que os xograres utilizaban para transcribir o seu repertorio. Recolle as sete cantigas de amigo do xograr galego Martín Códax coa notación musical en todas menos a sexta.
3. **Pergamiño Sharrer** ou **manuscrito da Torre do Tombo (L)**, descuberto polo profesor norteamericano Harvey L. Sharrer en 1991, despois de servir durante catro séculos como forro para un libro de rexistros notariais. Contén sete cantigas de amor do rei Don Dinís, acompañadas tamén pola correspondente notación musical.
4. Cancioneiros copiados nos séculos XVI e XVII a partir de códices medievais hoxe perdidos. A diferenza dos anteriores, non conteñen notacións musicais.

Na redacción dos apógrafos renacentistas ten especial significación a obra do humanista italiano Angelo Colocci (1474-1549), a quen debemos un índice de autores coñecido como *Tavola Colocciana* e a copia dun fragmento do único tratado de poética medieval galego-portuguesa, a *Arte de Trovar* que encabeza o Cancioneiro Colocci-Brancuti. Os apógrafos copiados no taller de Colocci son os seguintes:

5. **Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (B)**, lugar onde se conserva, tamén coñecido como **Colocci-Brancuti**. É a recompilación máis ampla da nosa lírica medieval, con 1647 cantigas de todos os xéneros pertencentes a preto de 150 autores.
6. **O Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V)**, ordenado tamén por Colocci e conservado en Roma. Recolle só 1200 cantigas, todas elas copiadas tamén en B. A pesar das diferenzas cuantitativas e de ordenación, B e V son dous cancioneros irmáns, copiados a partir dun mesmo orixinal.